



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Laboratorio integrado: Procedementos I

Materia	Laboratorio integrado: Procedementos I			
Código	P06G450V01107			
Titulación	Grao en Deseño			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	1	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Dopico Rodríguez, Patricia			
Profesorado	Dopico Aneiros, María Dolores Dopico Castro, Marcos Dopico Rodríguez, Patricia			
Correo-e	pdopico@uvigo.es			
Web				

**Descrición xeral** A materia céntrase na experimentación, comprensión e aplicación de técnicas e procedementos básicos de estampaxe tradicional, acabados, encadernación, cosido e bordado. Faise fincapé no traballo manual, co obxectivo de capacitar aos estudantes para abordar proxectos de deseño gráfico e deseño de moda desde unha perspectiva máis ampla.

Esta materia ofrece unha introdución básica a diversas técnicas e soportes que brindarán aos estudantes un amplo coñecemento de recursos para a produción autónoma dos seus propios deseños. A través da experimentación, os estudantes poderán familiarizarse coas técnicas, a terminoloxía e as linguaxes técnicas asociadas, así como coa preparación de arquivos que lles permitirán abordar futuros procesos creativos e producións que poidan involucrar a colaboración con outros profesionais. Ao finalizar a materia, os estudantes estarán preparados para aplicar as técnicas e os coñecementos adquiridos en proxectos de deseño gráfico e deseño gráfico para moda, tendo en conta os procesos creativos e de produción necesarios para levar a cabo as súas ideas.

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A5	Desenvolver aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C4	Manexar as ferramentas conceptuais, tecnolóxicas e metodolóxicas aplicables nun proxecto de deseño (programas informáticos específicos, sistemas de representación tradicional e dixital; construción de maquetas, modelos e prototipos, fotografía, técnicas de vídeo, gráfica audiovisual e interactiva, animación e ilustración), así como demostrar habilidade no manexo doutras técnicas, procedementos específicos, materiais, tecnoloxías e procesos de produción.
C5	Coñecer a terminoloxía específica e as linguaxes aplicadas aos procesos do deseño: preimpresión e sistemas de impresión tradicionais e dixitais, técnicas gráficas, soportes dixitais, gráfica audiovisual e deseño de interacción.
C14	Coñecer os materiais, procedementos e técnicas asociados a cada linguaxe creativa específica, así como o vocabulario e os conceptos inherentes a cada técnica artística particular.
D3	Coñecer as bases da sostibilidade e o compromiso ambiental co obxectivo de facer un uso equitativo, responsable e eficiente dos recursos.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe	
Entender e aplicar os procedementos básicos de estampación, encadernación, técnicas de costura e bordado experimental.	A5	C4 D3 C5 C14

Desarrollar propuestas básicas de creación con técnicas de estampación tradicional: serigrafía	A5	C4 C5 C14	D3
Aplicar e adaptar as técnicas básicas de costura e bordado experimental.	A5	C4 C5 C14	D3
Aplicar e adaptar as técnicas básicas de encadernación.	A5	C4 C5 C14	D3
Introducción básica á estampación tradicional: serigrafía. Medios alternativos de estampación: impresión en cavo, impresión en relevo, impresión planográfica, impresión dixital. Técnicas básicas de costura e bordado experimental en diferentes soportes. Técnicas básicas de encadernación artesanal e artística.	A5	C4 C5 C14	D3

## Contidos

### Tema

Impresión e técnicas de estampado básicas para diseño gráfico e diseño de moda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Tipos de impresión.</li> <li>- Conceptos básicos: a estampa, o registo, a edición, a estampaxe única</li> <li>- Materiais e soportes. Introducción a tipos de papeis e tecidos.</li> <li>- O taller: maquinaria, ferramentas, materiais e xestión de procesos.</li> <li>- Experimentación con técnicas manuais de estampado: xilografía, Xilografía xaponesa, linóleo, impresión en relevo, impresión en oco, impresión sen tinta.</li> <li>- Impresión por transferencia e por calor.</li> <li>- Creación e experimentación con persoais e estarcidos (láser, papel, foto) a partir dun deseño.</li> <li>- Preparación de arquivos para diferentes tipos de impresión.</li> </ul>
Encadernación e acabados. Técnicas básicas para diseño gráfico, editorial e diseño de moda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A anatomía do libro.</li> <li>- Formatos e introdución a tipos e técnicas de encadernación e acabados.</li> <li>- Experimentación con técnicas básicas de manipulado e acabados: encadernación, hendido, cosido, encartado, barbas, acuñado...</li> <li>- Preparación de arquivos para diferentes tipos de acabados.</li> <li>- Zines.</li> <li>- Introducción a pregados en papel e téxtil.</li> </ul>
Outras técnicas para diseño gráfico, editorial e diseño de moda.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Introducción ás posibilidades técnicas e creativas do bordado e a cianotipia en proxectos de diseño de moda e diseño gráfico.</li> <li>- Posibilidades de intervención gráfica directa sobre tecidos.</li> </ul>

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	5	0	5
Resolución de problemas de forma autónoma	10	45	55
Estudo de casos	10	35	45
Prácticas de laboratorio	15	25	40
Resolución de problemas e/ou exercicios	4	0	4
Observación sistemática	1	0	1

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	A sesión maxistral estará centrada en expoñer os conceptos a tratar a través de casos e a explicación de manexo de ferramentas, técnicas e materiais que posteriormente o alumnado desenvolverá esa sesión a modo de prácticas no taller.
Resolución de problemas de forma autónoma	O alumnado deberá realizar un proxecto global con forma que demostre a asimilación de contidos da materia e a súa aplicación persoal de maneira creativa e tecnicamente correcta. Valorarase o proceso de investigación con técnicas e materiais, o nivel de acabado e o risco na experimentación.
Estudo de casos	Unha vez finalizada a sesión maxistral, espérase que os estudantes realicen unha análise exhaustiva dos recursos presentados e experimenten coas diferentes técnicas e soportes aprendidos. O obxectivo principal é assimilar os conceptos abordados durante a clase e descubrir novas posibilidades creativas a través da aplicación destes recursos no taller. Deberá levar constancia de toda a experimentación a través dun caderno de campo onde reflicta a traxectoria na materia.
Prácticas de laboratorio	

## Atención personalizada

<b>Metodoloxías</b>	<b>Descrición</b>
Resolución de problemas de forma autónoma	En base ao traballo por parte do alumnado na resolución de problemas de forma autónoma, realizarase unha atención personalizada para cada exercicio, propoñendo correccións, propostas de mellora e opcións de realización
<b>Probas</b>	<b>Descrición</b>
Resolución de problemas e/ou exercicios	En base ao traballo por parte do alumnado na resolución de problemas dentro da aula, realizarase unha atención personalizada para cada exercicio, propoñendo correccións, propostas de mellora e opcións de realización
Observación sistemática	O docente realizará unha observación sistemática do alumnado dun xeito individualizado, valorando a súa asistencia, a participación activa na aula, a proactividade ante os exercicios plantexados e o respecto polo material e equipamento das aulas.

<b>Avaliación</b>					
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Estudo de casos	Proba en equipo na que se analizará unha necesidade para interpretala e buscar unha solución como produto final.	15	A5	C5 C14	D3
Prácticas de laboratorio	Caderno de campo. Avaliación progresiva da asimilación de contidos, da calidade técnica, da iniciativa na experimentación e a procura propia de recursos.	35	A5	C4 C5 C14	D3
Resolución de problemas e/ou exercicios	A asimilación de todos os contidos teórico-prácticos da materia e as habilidades para aplicarlos haberá de demostrarse no proxecto final. Valorarase o proceso de investigación con técnicas e materiais, o nivel de acabado e a toma de iniciativa na experimentación, así como a achega dunha linguaxe persoal á proposta e a adecuación a aplicacións dentro do ámbito do deseño gráfico e o deseño de moda.	40	A5	C4 C5 C14	D3
Observación sistemática	Valorarase a asistencia, o grao de interese, o seguimento de exercicios e a participación activa na materia, así como a evolución na traxectoria do curso.	10	A5	C5 C14	D3

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **Metodoloxía de avaliación continua**

No desenvolvemento da materia utilizarase unha metodoloxía de avaliación continua baseado na combinación das tipoloxías de actividades indicadas anteriormente, e coas porcentaxes de avaliación indicadas arriba. A non presentación dalgún dos exercicios suporá o suspenso da asignatura, tanto en convocatoria ordinaria como extraordinaria.

Para acollerse á metodoloxía de avaliación continua deberá constar unha asistencia mínima do 80% das horas totais da materia.

#### **Metodoloxía de avaliación global**

O estudantado que opte pola modalidade de avaliación global deberá comunicarllo por escrito ao responsable da materia no prazo máximo dun mes dende o inicio da docencia da materia e suporá a anulación automática de todas as cualificacións obtidas polo método de avaliación continua.

A elección da modalidade global de metodoloxía significará que o alumnado deberá presentar e superar o mesmo número de traballos e segundo as mesmas características requiridas na metodoloxía global. Os exercicios deberán presentarse nun exame final, a desenvolverse durante o período oficial de exames. A data e hora será comunicada a comezo de curso no cronograma da materia.

Neste caso, a avaliación será da seguinte maneira:

Prácticas de laboratorio: 25%

Resolución de problemas de forma autónoma: 35%

Exame: 40%

#### **Convocatoria extraordinaria**

Na convocatoria extraordinaria o alumnado deberá presentar e superar o mesmo número de traballos e segundo as mesmas características requiridas na metodoloxía global. Os exercicios deberán presentarse nun exame final, que terá lugar en data oficial.

A avaliación será da seguinte maneira:

Prácticas de laboratorio: 25%

Resolución de problemas de forma autónoma: 35%

Exame: 40%

A non presentación dalgún dos exercicios suporá o suspenso da asignatura, tanto en convocatoria ordinaria como extraordinaria.

#### **Datos de avaliación:**

Poden consultarse todas as datas das probas de avaliación aprobadas polo centro na dirección:

<https://deseno.uvigo.gal/horarios-calendarios-avaliacions-gd-gal/>

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

AMBROSE, G. y HARRIS, P, **Impresión y acabados** AMBROSE, G. y HARRIS, P, Parramón, 2007

FOSTER, J., **Papel y tinta. Un catálogo de técnicas, métodos y materiales para imprimir**, Gustavo Gili, 2015

JARDÍ, E., **Así se hace un libro.**, Arpa & Alfíl, 2020

RUSSELL, Álex, **Principios básicos del diseño textil**, 9788425226403, Gustavo Gili, 2013

#### **Bibliografía Complementaria**

CARRIÓN, U., **El Arte Nuevo de Hacer Libros**, Tumbona Ediciones, 2016

GRABOWSKI, B. y FLICK, B., **El grabado y la impresión. Guía completa de técnicas, materiales y procesos.**, Blume, 2020

LUPTON, E., **Indie Publishing. How to design and produce your own book**, Princeton Architectural Press, 2008

MORLOK, F. y WASZELEWSKI, M., **Bookbinding. The complete guide to folding, sewing & Binding**, Laurence King Publishing, 2018

D'ARCY HUGHES, A. y VERNON-MORRIS, H., **La impresión como arte: técnicas tradicionales y contemporáneas.**, Blume, 2010

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda cursar simultaneamente**

Laboratorio de materiais/P06G450V01103

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Fundamentos do deseño I/P06G450V01104